



Sindicato  
Profesional  
de Xustiza

**JULIO BOUZA BOUZA**, con DNI 34.995.617J, Coordinador do SINDICATO PROFESIONAL DE XUSTIZA INTEGRADO NA UNIÓN SINDICAL OBRERA (SPJ-USO GALICIA) CON CIF G15380033.

## **EXPOÑEMOS E REITERAMOS:**

No día de hoxe o Tribunal Supremo acadou un acordo conforme ao cal os maxistrados do mesmo deben quedar confinados nos seus domicilios e realizar a súa actividade laboral mediante teletraballo.

Así mesmo tívose coñecemento que xuíces e maxistrados, así como letrados da administración de xustiza en Galicia acordaron realizar a súa actividade profesional non de forma presencial senón mediante dispoñibilidade, por exemplo ocorreu nos xulgados de instrución de Vigo.

É por iso que resulta absolutamente discriminatorio que se non están no seu posto de traballo nin Xuíces nin Fiscais nin Lax deban estar de forma presencial os funcionarios en servizos mínimos.

A prestación dos servizos mínimos pode realizarse perfectamente con carácter de dispoñibilidade a requirimento dos letrados da Admón. de xustiza ou dos xuíces e maxistrados que así o soliciten, evitándose desta forma os riscos evidentes que para a súa saúde pode supoñer estar expostos no lugar de traballo, **ou polo seu constante desprazamento ao mesmo, ao eventual contaxio pola pandemia do Coronavirus.**

Desta forma garántese tanto a prestación do servizo público como o dereito á saúde que debe ser protexido pola administración pública.

**De non accederse ao solicitadoponse en coñecemento da administración da Xunta de Galicia que os traballadores que actualmente veñen desempeñando servizos mínimos nos distintos xulgados e tribunais de Galicia acolleranse ao previsto no artigo 21.2 da lei de prevención de riscos laborais que literalmente di:**

### **Artigo 21.2.- Risco grave e inminente.**

2. De acordo co previsto no apartado 1 do articulo 14 da presente Lei, **o traballador terá dereito a interromper a súa actividade e abandonar o lugar de traballo**, en caso necesario, cando considere que dita actividade entraña un risco grave e inminente para a súa vida ou a súa saúde.

SINDICATO PROFESIONAL DE XUSTIZA SPJ-USO.

SINDICATO MAIORITARIO NA ADMINISTRACIÓN DE XUSTIZA.

**SANTIAGO:** Manuel Tejada 654737422 **A CORUÑA:** Roberto 617685531 - Eugenia 655455702 - Antonio 626423553 **FERROL** Manu 678 51 45 55  
**LUGO:** Rodrigo 605739886 **OURENSE:** Fran 660450226 **PONTEVEDRA:** Nilo 615496257 **VIGO:** Julio 600292730 - Yoli 655770994- Sol 687 93 93 35

Email xeral para Galicia [spjusogalicia@fep-uso.es](mailto:spjusogalicia@fep-uso.es)

Visita o noso blog <http://spjusogalicia.wordpress.com>



Sindicato  
Profesional  
de Xustiza

A Administración pública respecto do persoal ao seu servizo ten o deber de protección e así o recolle o artigo 14.1 da Lei de Prevención de Riscos Laborais.

Así mesmo a administración de conformidade co establecido no artigo 17 da Lei, ten que achegar os medios de protección aos funcionarios e a día de hoxe, á vista dos acontecementos e da situación sanitaria e a rapidez do contaxio do coronavirus, os funcionarios non dispoñen de medios de protección nos seus postos de traballo, así como tampouco da hixiene adecuada e os medios de desinfección necesarios.

### Artigo 17.

Equipos de traballo e medios de protección. 1. O empresario adoptará as medidas necesarias co fin de que os equipos de traballo sexan adecuados para o traballo que deba realizarse e convenientemente adaptados para ese efecto, de forma que garantan a seguridade e a saúde dos traballadores ao utilizalos. Cando a utilización dun equipo de traballo poida presentar un risco específico para a seguridade e a saúde dos traballadores, o empresario adoptará as medidas necesarias co fin de que: a) A utilización do equipo de traballo quede reservada aos encargados da devandita utilización.

### **POR ISO SPJ-USO SOLICITA:**

**Que se acorde a paralización provisional de actividade dos Xulgados que se atopan na Comunidade Autónoma de Galicia, á vista dos acontecementos ao decretarse o estado de alarma tratando de evitar a propagación e o contaxio do coronavirus, debendo realizar o seu traballo coas garantías necesarias co carácter de dispoñibilidade sen que sexa necesaria a forma presencial, salvo nos Xulgados de Garda e nos de Violencia de Xénero correspondentes.**

### **ADXUNTASE ACORDO DO TRIBUNAL SUPREMO**

En Vigo, a 17 de marzo de 2020

**Fdo.: JULIO BOUZA BOUZA**

### **DIRECCIÓN XERAL DE XUSTIZA**

**Rúa Madrid, 2-4 2º piso - Fontiñas 15781 Santiago de Compostela**

SINDICATO PROFESIONAL DE XUSTIZA SPJ-USO.

SINDICATO MAIORITARIO NA ADMINISTRACIÓN DE XUSTIZA.

**SANTIAGO:** Manuel Tejada 654737422 **A CORUÑA:** Roberto 617685531 - Eugenia 655455702 - Antonio 626423553 **FERROL** Manu 678 51 45 55  
**LUGO:** Rodrigo 605739886 **OURENSE:** Fran 660450226 **PONTEVEDRA:** Nilo 615496257 **VIGO:** Julio 600292730 - Yoli 655770994- Sol 687 93 93 35

Email xeral para Galicia [spjusogalicia@fep-uso.es](mailto:spjusogalicia@fep-uso.es)

Visita o noso blog <http://spjusogalicia.wordpress.com>



Sindicato  
Profesional  
de Xustiza

SINDICATO PROFESIONAL DE XUSTIZA SPJ-USO.

SINDICATO MAIORITARIO NA ADMINISTRACIÓN DE XUSTIZA.

**SANTIAGO:** Manuel Tejada 654737422 **A CORUÑA:** Roberto 617685531 - Eugenia 655455702 – Antonio 626423553 **FERROL** Manu 678 51 45 55  
**LUGO:** Rodrigo 605739886 **OURENSE:** Fran 660450226 **PONTEVEDRA:** Nilo 615496257 **VIGO:** Julio 600292730 - Yoli 655770994- Sol 687 93 93 35

Email xeral para Galicia [spjusogalicia@fep-uso.es](mailto:spjusogalicia@fep-uso.es)

Visita o noso blog <http://spjusogalicia.wordpress.com>